

Estimadas familias:

Dirixímonos a vostedes para presentarles a información referente ás actividades extraescolares do curso 2022-2023:

- O prazo de inscrición das actividades é dende o 20 ao 31 de maio. Dúas formas para entregar a folla de inscrición:
 - Deixala no buzón da ANPA
 - Remítilla por e-mail: fendetestasanpa@gmail.com
 - Se non podedes facelo de ningunha destas dúas formas, poden chamar ao 670485041 (de 16:00 a 18:00 de luns a xoves)
- Ao longo do luns 6 de xuño sairán os listados no blogue anpa-fendetestas.es. e seguiremos informando, por favor, revisádeos por posibles erros que poida haber, e os podedes comunicar ben por e-mail ou ben no 670485041 (de 16:00 a 18:00 de luns a xoves, atención telefónica)
- O sorteo será o xoves 9 de xuño. A orden de preferencia de praza será por antigüidade (senalada na información, no punto Recordade)
- O cupo de prazas das actividades, revisarase no mes de setembro.

Cambios nas actividades (horarios, grupos, etc..) con respecto ao pasado curso:

- Natación:
 - Destinamos a oferta só a educación primaria, debido ao reducido número de prazas que temos en relación a demanda d@s inscrit@s. Intentado favorecer así a conciliación, xa que @s alumn@s de educación infantil teñen que ir acompañados no vestiario antes e despois da actividade. Recordade que a instalación ofrece os seus propios cursos de natación.
 - Realizaranse dous sorteos,
 1. Cos inscritos que estaban na lista de espera do curso 21-22 (antigüidade lista agarda)
 2. Cos inscritos por primeira vezE co resultado establecerase unha lista cunha orden que se manterá nos vindeiros cursos, de xeito que na próxima inscrición (23-24) so se sortearán os inscrit@s por primeira vez.
- Ximnasia rítmica: incorporamos a súa oferta ao curso de 6º E.I. Así como, intercambiamos entre os dous grupos o día da actividade, para unha mellor compensación por cursos da oferta total das actividades.
- Patinaxe: cambiamos para o luns os cursos de 1º e 2º de educación primaria, para unha mellor compensación por cursos da oferta total das actividades
- Ciencia divertida: Da experiencia deste primeiro curso, para un mellor aproveitamento, destinamos esta actividade para os cursos de 3º a 6º de educación primaria, e a cambiamos para o martes, para unha mellor compensación por cursos da oferta total das actividades
- Teatro: vémonos na obriga de trasladar a actividade ao mércores, para unha mellor compensación por cursos da oferta total das actividades.
- Informática II luns: homoxeneizamos o grupo no 2º ciclo de primaria.
- Informática IV martes: homoxeneizamos o grupo no 3º ciclo de primaria.
- Menudos escritores: actividade nova (fóra de convenio). Ver anexo.
- Patinaxe e X. Rítmica 2ª hora: suspendemos a oferta destas dúas actividades, por falta de demanda nos últimos cursos, se volvese xurdir a demanda, volveríase tentar levalos adiante.

INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2022/2023

As actividades Extraescolares do vindeiro curso escolar 2022-2023, comezarán o 12 de setembro.

Todos aqueles que queiran que o seu fillo participe nas actividades, deberán aboar:

- SEGURO DE ACCIDENTES 13€ cota anual (prezo aproximado).

E se queren:

- COTA ANUAL DE SOCIO (20 €) (por unidade familiar). Animamos a que aínda que, non se inscriban nas actividades, fáganse socios, con estes cartos a ANPA organiza: o magosto, a festa de Nadal, Entroido, festa fin de curso, graduación de sexto, etc.... das que se benefician todos os alumn@s do colexio). Ver anexo.

PREZOS

Os prezos das actividades están en función do número de actividades en que participan os nenos, os descontos aplícanse por familia, e hai outras actividades que teñen un prezo fixo, co cal, os prezos son os seguintes:

ACTIVIDADES CON PREZO FIXO (prezo mensual):

NATACIÓN.....	por determinar (aprox 18€) (Esta actividade comezará en outubro)
JUMPING CLAY	22€
MENUDOS ESCRITORES.....	20€.
ROBÓTICA.....	24€. (Esta actividade comezará en outubro)

Nota: A actividade de Jumping Clay, Menudos Escritores e Robótica, non son obxecto do Convenio que esta entidade ten co Concello de Cambre. (o importe destas actividades cóbrao directamente a empresa que a realiza), non teráN os descontos de familia numerosa e de servizos sociais, e non conta como actividade para os descontos.

RESTO DE ACTIVIDADES e os seus descontos (prezo mensual):

UNHA ACTIVIDADE.....	13€
DÚAS ACTIVIDADES.....	12€ cada unha
TRES ACTIVIDADES (ou máis).....	11€ cada unha

Os recibos cargaranse da seguinte maneira:

Entre o 5 e o 10 de outubro:	(Actividades setembro, cota de socio da ANPA e seguro accidentes)
Entre o 5 e o 10 de novembro:	(Actividades outubro a decembro)
Entre o 5 e o 10 de febreiro:	(Actividades xaneiro a marzo)
Entre o 5 e o 10 de maio:	(Actividades abril a xuño).

Ademais, as familias numerosas terán un desconto do 50%, (non aplicable á cota de seguro e socio) e será gratis para as familias que teñan informe de Servizos Sociais (máximo unha actividade, terán que pagar o seguro). Presentando a documentación pertinente, **xunto coa solicitude**.

INSCRICIÓN E PRAZOS

O prazo de inscrición das actividades é dende o 20 ao 31 de maio. Dúas formas para entregar a folla de inscrición:

- **Deixala no buzón da Anpa**
- **Remítala por e-mail: fendetestasanpa@gmail.com**

O luns 6 de xuño sairán os listados no blog anpa-fendetestas.es. E seguiremos informando. O sorteo farase o 9 de xuño.

Recordade: A orde de preferencia de praza será por antigüidade (aprobado no seu momento polas familias). Polo tanto, a prioridade de adxudicación das prazas existentes entre os solicitantes da actividade é a seguinte:

- 1º Aqueles alumnos que xa estiveran o anterior curso na actividade. (1º mesmo grupo de actividade, 2º outro grupo mesma actividade).
- 2º Se aínda hai prazas libres, adxudicaranse a aqueles alumn@s que estivesen na lista de espera da actividade no curso anterior antes do 31 de decembro do 2021, mediante sorteo se fose necesario. (1º mesmo grupo-actividade, 2º outro grupo-actividade)
- 3º Se aínda quedaran prazas libres, adxudicaranse mediante sorteo entre os novos solicitantes.

Os solicitantes que non obteñan praza pasarán a formar parte da lista de espera, segundo os sorteos realizados conforme ás mesmas prioridades establecidas nos puntos anteriores.

As solicitudes entregadas fóra de prazo, estarán suxeitas ás prazas vacantes nas diversas actividades.

CADRO DE ACTIVIDADES

EDUCACIÓN INFANTIL

DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas
LUNS	Patinaxe I	16 a 17:15	Educación Infantil	14
	Xogos-Ludoteca	16 a 17:15	Educación Infantil	12
MARTES	Playing in English	16 a 17:15	Educación Infantil	10
	Zumba Kids Infantil I	16 a 17:15	Educación Infantil	12
MÉRCORES	Talleres	16 a 17:15	Educación Infantil	12
XOVES	Música	16 a 17:15	Educación Infantil	12
	Xogos Predeportivos	16 a 17:15	Educación Infantil	12

6º ED. INF e 1º-2º ED. PRIMARIA

DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas
MÉRCORES	Ximnasia Rítmica I	16 a 17:15	6º E.Inf e 1º-2º E.P	15

EDUCACIÓN PRIMARIA

DIA	ACTIVIDADE	Horario	Cursos	Prazas
LUNS	Informática II	16 A 17:15	3º E.P a 4º E.P	10
	Patinaxe II	16 a 17:15	1º e 2º E.P	15
	Playing in English IV	16 a 17:15	5º E.P - 6º E.P	10
	Xadrez	16 a 17:15	Educación Primaria	12
	Ximnasia Rítmica II	16 a 17:15	3º E.P - 6º E.P	15
MARTES	Capoeira **	16 A 17:15	Educación Primaria	15
	Ciencia	16 A 17:15	3º E.P - 6º E.P	12
	Fútbol	16 A 17:15	Educación Primaria	25
	Informática IV	16 A 17:15	5º E.P - 6º E.P	10
	Menudos escritores	16 A 17:15	4º E.P. - 6º E.P	15
	Pintura I	16 A 17:15	1º E.P. - 3º E.P	24
	Pintura III	17:15 a 18:30	Educación Primaria	12
Robótica	17:15 a 18:30	4º E.P. - 6º E.P	10	
MÉRCORES	Informática III	16 a 17:15	4º E.P - 6º E.P	10
	Jumping Clay	16 a 17:15	Educación Primaria	15
	Patinaxe II	16 a 17:15	3º E.P - 6º E.P	15
	Playing in English II	16 a 17:15	1º E.P - 2 E.P	10
	Teatro	16 a 17:15	Educación Primaria	12
	Zumba Kids III	16 a 17:15	3º E.P - 6º E.P	12
Robótica	17:15 a 18:15	1º E.P - 3º E.P	10	
XOVES	Baloncesto	16 a 17:15	Educación Primaria	25
	Informática I	16 A 17:15	1º E.P - 3º E.P	10
	Judo (obligado uso de judogui)	16 a 17:15	Educación Primaria	15
	Menudos escritores	16 A 17:15	1º E.P. - 3º E.P	15
	Pintura II	16 A 17:15	4º E.P. - 6º E.P	12
	Playing in English III	16 a 17:15	3º E.P - 4 E.P	10
Zumba Kids II	16 A 17:15	1º E.P - 2º E.P	12	
VENRES	Natación II ***	16:15 a 17	Educación Primaria	Por concretar **

** Capoeira: Os participantes que leven máis de dous cursos na actividade teñen a obriga de levar a uniformidade correspondente (50€ aprox).

*** Dependendo do criterio da piscina

CONSIDERACIONES IMPORTANTES:

- Os nen@s de Educación Infantil de tres anos comezarán en outubro, se necesitan empezar antes deberán comunicalo expresamente, indicando o día de incorporación, chamando á coordinadora.
- A ANPA resérvase o dereito de aumentar ou diminuír as prazas ofertadas nas diferentes actividades, segundo as consideracións oportunas que se dean en cada actividade. Sendo en principio, o número mínimo para empezar a actividade, 10 participantes. Tamén a ANPA poderá suspender unha actividade xa comezada en calquera momento por non acadar o número mínimo de 10 participantes.
- Para darse de baixa das actividades:
 - Antes de comezar as actividades, antes do 10 de setembro (se non, cobrarase setembro)
 - Unha vez iniciadas as actividades, antes do 5 de cada mes, para que sexa válido nese mes.
- As altas e baixas tramítanse a principios de mes (entre o 1 e o 5), para unha mellor coordinación co centro (comedor, biblioteca... etc..).
- Para poder acudir ás exhibicións de **Patinaxe** será necesario a indumentaria correspondente, e para **Ximnasia** ademais de dito maillot (42€ aprox), as punteiras. En Zumba, irán coa roupa establecida polo monitor.
- Servizo de bus: (mínimo 10 usuarios)
 - Haberá servizo de bus a saída das actividades de luns a xoves as 17:15 horas. E os venres a saída da piscina tamén as 17.15.
 - O autobús da piscina sae ás 15:45 dende o colexio..
- A un recibo impagado e non emendado no prazo requirido a Anpa poderá dar de baixa a ese participante nas actividades. Por cada devolución cobraránselle os gastos bancarios xerados.
- Por tres faltas consecutivas inustificadas na actividade, o alumn@ poderá ser dado de baixa, para dar paso á listaxe de agarda.
- Os participantes que están admitidos en dúas actividades no mesmo día, deberán elixir unha antes do 17 de xuño, se non, a Anpa poderá dalos de baixa dunha das actividades.
- Os horarios dos teléfonos da ANPA serán os seguintes en días de calendario escolar, resto de días comprobar horario no blogue:
 - Tarde: 16 a 18:00 horas de luns a xoves. Lucía-coordinadora (670485041, ten whatsapp)